



UNIDADE 11

Antes e agora

Mostre a foto da portadiña e pregúntelles aos seus alumnos e alumnas:

Tendes fotos parecidas a estas na vosa casa? Quen sae nelas: vosos pais, vosos avós...?

Pídalles agora que se fixen no título da unidade e pregúntelles: **Que diferenzas hai entre a foto do libro e unha foto dun grupo de amigos actual?**

Por último, informe brevemente dos obxectivos e da tarefa final da unidade: decidir cal foi a época máis interesante da historia.



1. GALICIA NA ÉPOCA DE FRANCO

Completar unha serie de frases sobre como era Galicia na época de Franco. Relacionar coas frases algúns titulares de prensa.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade proporciónase información sobre Galicia durante o franquismo e sobre algúns dos cambios que tiveron lugar tras a morte do ditador.

Na epígrafe **A** aparece por primeira vez o copretérito. Pode facer referencia á aparición dun novo tempo, pero recomendámoslle que espere a sección “Explorar e reflectir” para ofrecer explicacións e propor unha reflexión máis exhaustiva.

Na epígrafe **B** ofrécense algúns titulares de prensa. Se lle parece conveniente, fágalles notar aos seus estudantes algunha das características propias dese tipo de linguaxe, como, por exemplo, o emprego do participio.

ANTES DE EMPEZAR

Se vostede ten alumnos e alumnas galegos, pode obviar o que lle propoñemos a continuación, xa que, seguramente, será un coñecemento que compartan todos e que resultará máis interesante para estudantes estranxeiros.

Lea en voz alta o título da actividade e pregúntelles aos seus alumnos e alumnas se saben quen foi Franco. Se non o saben, dígao vostede. A seguir, pídalle que se fixen nas fotografías que ilustran a actividade e que traten de establecer cando estivo Franco no poder. Deixe que fagan hipóteses e dea despois a resposta se fose necesario: dende 1939 ata 1975.

PROCEDEMENTOS

A. Informe os seus estudantes de que van ler unha serie de frases que falan de como era a vida en Galicia durante a época na que Franco gobernaba o país. Pídalles que as completen cos elementos que aparecen nos cadros verdes.

Déalles uns minutos e, antes de facer unha posta en común, deixe que comparen as súas respostas coas dun compañeiro ou compañeira.

Se lle parece oportuno, tamén poden comparar os prezos e decidir se lles parecen baratos ou caros.

Solución

1. o divorcio
2. presos políticos
3. obras de teatro
4. pena de morte

5. medios de comunicación
6. os partidos políticos
7. demais anticonceptivos
8. centos de galegos
9. galego

B. Tras asegurarse de que non quedan dúbidas sobre o significado das frases anteriores, móstrelles os titulares de prensa proporcionados. Todos eles fan referencia a feitos destacados do contexto sociopolítico galego entre a década dos setenta e a primeira do século vinte e un. Pídalles aos seus alumnos e alumnas que relacionen cada un dos titulares cunha das frases da epígrafe **A**. Antes de pasar á corrección, permítalles comparar as súas respostas coas dun compañeiro ou compañeira.

Solución

A 2, B 4, C 1, D 9, E 7, F 8, G 3, H 6, I 5

2. TURISTAS OU VIAXEIROS

Mostrar acordo ou desacordo co contido dun artigo sobre as viaxes. Contestar un cuestionario. Buscar coincidencias coas opinións dunha xornalista.

ANTES DE EMPEZAR

Remita os seus alumnos e alumnas ao título da actividade e pregúntelles se pensan que hai algunha diferenza entre **turista** e **viaxeiro** ou se consideran que as dúas palabras son sinónimas. Déalles tempo para que expresen a súa opinión e vaia anotando no encerado o que lle digan.

De ser necesario, comente que **turista** se adoita asociar con alguén que só viaxa por pracer e non adoita interesarse pola cultura do lugar que visita. **Viaxeiro**, porén, designa a alguén que viaxa para coñecer con maior profundidade un lugar.

PROCEDEMENTOS

A. Mostre o fragmento de artigo proporcionado e anime os seus alumnos e alumnas a lelo. Déalles uns minutos e pídalles que comenten cun ou dous compañeiros se están de acordo ou non co que se expón nel.

B. Pídalles agora que respondan o cuestionario relacionado coas viaxes que aparece no cadro verde. Teñen que marcar a opción coa que máis coincidan. Tras uns minutos, anímeos a comparar o que marcaron cun compañeiro ou compañeira e a expoñer despois en clase aberta se coincidiron ou non.

C. Informe agora de que van escoitar unha entrevista radiofónica a unha xornalista especializada en viaxes que opina sobre os temas que aparecían no cuestionario. Pídalles que escoiten atentamente e que busquen puntos nos que coincidan con ela.

Se lle parece conveniente, despois de realizar esta actividade, pode remitir os seus estudantes á epígrafe “Argumentar e debater” da páxina de gramática.

E DESPOIS

Propóñalles que, en parellas, escriban unha afirmación máis sobre as viaxes. Déalles uns minutos e, logo, pídalle a cada unha das parellas que escriba a súa frase no encerado. A seguir, os compañeiros e compañeiras expresarán acordo ou desacordo, argumentando a súa postura.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 125, exercicio 5.

**3. HOXE EN DÍA**

Decidir a que época fai referencia unha información. Marcar os verbos e as expresións que fan referencia ao presente e ao pasado.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Pode ser interesante levar á clase un mapa de Galicia para mostrarlles aos estudantes a localización de diferentes illas galegas.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos e alumnas se coñecen nomes de illas galegas. Escoite as súas respostas e, se se dese o caso de que non coñecesen ningunha, dígalles vostede algúns nomes, como as **Cíes, Ons, Sálvora, Cortegada** ou **Arousa**.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus estudantes se saben algunha cousa sobre a Illa de Arousa. Anímeos a comentar o que saiban en clase aberta. Se os seus alumnos e alumnas non tivesen ningún tipo de coñecemento sobre a illa, vostede pode comentar algúns aspectos: é o único concello insular de toda Galicia (información achegada na mostra de lingua do libro), a ponte que une a illa co continente é unha das máis longas de Europa, dende o aire á illa ten unha curiosa forma de número sete, viven nela uns cinco mil habitantes...

B. Dígalles agora que van ler información sobre a Illa de Arousa e que teñen que determinar se cada unha das frases fai referencia á actualidade ou ao comezo do século XX.

Solución**Actualidade**

Hoxe en día, a Illa de Arousa é un lugar de turismo nos meses de verán.

Na actualidade, a illa conta cun importante festival de música no mes de agosto.

Nestes momentos, a principal festa é a Festa do Mexillón. Agora o deporte acuático por excelencia na illa son as regatas de dornas.

Comezos do século XX

Entón non había ponte e só se podía viaxar na motora.

Antes non había cafeterías, só tabernas.

Daquela aínda non existía como concello, pertencía a Vilanova de Arousa.

Naqueles tempos aínda non existía o Céltega, o seu equipo de fútbol.

Se durante a posta en común vostede observa que queda algunha dúbida sobre o funcionamento desas estruturas, remita os seus estudantes á epígrafe “Dores, molestias e síntomas” da páxina de gramática.

C. A continuación, pídalles aos seus alumnos e alumnas que volvan ler as frases e que marquen as expresións e os verbos que lles axudaron a saber se se facía referencia ao pasado ou ao presente. Déalles uns minutos e faga unha posta en común en clase aberta.

Para rematar, pode facer referencia ás epígrafes “Marcadores temporais para o pasado” e “Marcadores temporais para o presente” da páxina de gramática.

4. AOS 18 ANOS

Determinar a que etapa da vida dunha persoa corresponde unha información. Escribir frases sobre tres momentos da propia vida.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para facilitar a realización do punto B, se fose necesario, pode suxerirlles aos estudantes que empreguen as formas dos verbos que aparecen no punto B.

ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado as palabras **infancia, xuventude** e **madurez**. Aclare, de ser preciso, que se refiren a tres etapas distintas da vida dunha persoa. Establezan entre todos as franxas de idade para cada etapa, por exemplo: a infancia vai dende que naces ata os 15 anos, a xuventude vai dende os 15 ata os 35 anos e a madurez dende os 35 ata os 65.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus estudantes que van ler información sobre momentos diferentes da vida de Anxo, un home de 70 anos. Pídalles que marquen no cadro que aparece debaixo das frases a que etapa da súa vida fai referencia cada unha. Antes da fase de corrección, permítalles comparar as súas respostas coas dun compañeiro ou compañeira.

Solución

Infancia: 2, 6.

Xuventude: 1, 3.

Madurez: 4, 5.

B. Pídalles que se fixen nas estruturas destacadas en grosa e que as empreguen para escribir frases sobre tres momentos das súas vidas.

5. AS FOTOS DA AVOA

**Relacionar conversas coas imaxes ás que fan referencia.
Reflexionar sobre o uso do copretérito.**

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Suxerímoslle que se cinxa aos obxectivos concretos desta unidade e que procure que os seus estudantes entendan o uso do copretérito nos contextos proporcionados. O contraste entre pretérito e copretérito estudárase na seguinte unidade.

ANTES DE EMPEZAR

Pídalles aos seus estudantes que miren as tres fotos que aparecen na actividade e dígalles que pertencen a unha muller que na actualidade ten 98 anos. Se traballa vostede con alumnos e alumnas non galegos, anímeos a comentar se esas fotos serían moi diferentes se se fixesen nos seus países. Pídalles que comenten tamén que diferenzas atoparían nas fotografías se se tomasen hoxe en día.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles que lean as tres breves conversas entre Lupe e a súa avoa e que digan a que imaxe se fai referencia en cada unha.

Solución

A 3, B. 1, C. 2

B. A seguir, pídalles que subliñen os verbos en copretérito. Unha vez identificados, teñen que decidir cal dos dous usos propostos corresponde a ese tempo verbal. Déalles tempo para analizar as mostras de lingua e comentalas cun compañeiro ou compañeira antes de poñer en común a resposta: describir circunstancias ou cousas habituais no pasado.

Despois, poden acudir á sección de gramática para comentar os usos do copretérito e sistematizar a súa forma.

E DESPOIS

Leve á clase fotografías (de periódicos, revistas, Internet, propias...) que representen o mundo de, polo menos, hai corenta anos. Repártaas entre os seus estudantes e pídalles que, en parellas, representen os papeis de avó/avoa e de neto/a comentando as fotografías.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 124, exercicios 1 e 2.

Páxina 125, exercicio 3.

6. XA NON TOMO CAFÉ

Falar de cousas do pasado que deixaron de facer ou que continúan facendo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade preséntanse as partículas **xa non** e **aínda**. Recorde que na unidade anterior apareceron **xa** e **aínda non**, polo que, se pensa que se pode dar algún tipo de

confusión, faga as aclaracións necesarias. Con **xa non** e **aínda** expresamos se se produciu un cambio ou non con respecto aos hábitos ou características do pasado, en contraste cos do presente.

ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado unha frase referente a vostede sobre un hábito ou característica do pasado que non se mantén no presente. Por exemplo: **Eu antes levaba o pelo longo. Agora xa non levo o pelo longo.** A seguir, escriba outra frase que exprese algo que non cambiou; por exemplo: **Eu antes lía novelas policiais e aínda as leo.** Pregúntelles: **En cal das dúas frases se produciu un cambio?**

Déalles tempo para que respondan e, finalmente, fágalles notar que **xa non** presenta informacións que supoñen un cambio e que **aínda** indica continuidade.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles que, individualmente, escriban tres hábitos ou características do seu pasado que cambiaron. Déalles uns minutos e faga unha posta en común.

B. Pídalles que escriban tres frases sobre aspectos das súas vidas que continúan igual entre o presente e o pasado. De novo, faga unha breve posta en común.

Para rematar, de ser necesario, pode remitir os seus estudantes á epígrafe correspondente da gramática.

E DESPOIS

Se lle parece conveniente, pode levar á clase fotografías de personaxes famosas en dous momentos diferentes das súas vidas para que os seus estudantes comenten que aspectos xa non son os mesmos e cales aínda se manteñen igual. Invíteos a non limitarse a comentar soamente aquilo que se poida observar nas fotografías e a empregar calquera información que poidan ter sobre a vida das personaxes.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 125, exercicio 4.



7. CANDO TIÑA DEZ ANOS

Escribir un texto describindo as súas vidas aos dez anos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Asegúrese de que os seus estudantes entenden que non se trata dunha narración na que se conta algo que lles ocorreu a esa idade, senón dunha descrición de como era a súa vida naquela época, como eran fisicamente, que cousas lles gustaban facer etc. Insista na necesidade de usar o copretérito cando describimos o pasado.

ANTES DE EMPEZAR

Lea o título da actividade e pídalle a un estudante que lea en voz alta o texto que se proporciona como modelo. Logo, pregúntelle ao resto que temas apareceron dos suxeridos na lista.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalle aos seus alumnos e alumnas que escriban un texto sobre como era a súa vida cando tiñan dez anos. Ademais de se referiren aos aspectos suxeridos no libro, dígalles que se poden referir a outros, como por exemplo: onde vivían, como era o seu carácter, como era a súa escola... Déalles o tempo necesario e pasee pola clase para lles axudar aos seus estudantes no que precisen.

B. A seguir, recolla os textos e repártaos entre os seus estudantes, de maneira que a ninguén lle toque o que escribiu. Pídalle que lean o texto que lles tocou e que intenten dicir quen é o autor ou autora. Déalles uns minutos e faga unha breve posta en común.

E DESPOIS

Se o cre conveniente, pode anotar no encerado todos os temas tratados e pedirllas aos seus estudantes que completen os textos coa información que o compañeiro ou compañeira non puxo. Para iso, pode facer que se entrevisten:

- *Non falaches da túa escola. Onde estaba? Eran moi duros os profesores? etc.*

8. A DIETA DE ROBERTO

Tomar nota dunhas opinións e reaccionar mostrando acordo ou desacordo.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus estudantes que van escoitar unha serie de afirmacións sobre diferentes temas. Pídalle que tomen notas do que oían. Na páxina 158, poderán atopar a transcripción do que se escoita na gravación.

B. Pídalle agora que formen parellas e que comenten se están de acordo ou non coas afirmacións que escoitaron ou se teñen algunha cousa que dicir ao respecto. Despois duns minutos, para rematar, poden comentar cos compañeiros e compañeiras se están de acordo en moitas cousas ou non..

9. GRANDES INVENTOS

Escoiler o invento máis importante.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O proceso de negociación do punto A ten tanta importancia como o resultado final que van expoñer ante os compañeiros e compañeiras no punto B. Recórdelles que poden expresar acordo ou desacordo despois de cada exposición.

ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado os seguintes nomes: **Edison, Marconi, Guttemberg e Lumière**. Pregúntelles aos seus estudantes que teñen en común eses nomes e permítalles comentalo en parellas. A resposta esperada é: todos eran inventores.

PROCEDEMENTOS

A. Móstrelles aos seus estudantes as fotos e a lista de inventos que aparecen na actividade e, de ser necesario, aclare calquera dúbida de vocabulario. Dígalles que formen parellas e que, deses inventos (ou outros que non estean na lista), seleccionen o que eles cren que é o máis importante da historia. Pídalle que pensen como era a vida da xente antes da súa aparición: que cousas non se podían facer ou se facían de maneira distinta.

B. A seguir, móstrelles o modelo de lingua do libro e pídalle que preparen unha intervención do mesmo estilo para xustificar a súa elección. Faga referencia aos enunciados do cadro e comente que lles poden ser útiles na exposición. Déalles tempo para prepararse e anime logo a cada parella a xustificar a súa elección ante os compañeiros e compañeiras.

E DESPOIS

Fotocopie o texto que aparece a continuación e pídalle aos seus estudantes que o lean para tratar de pescudar a que invento fai referencia.

OS CHINESES inventárono no século II a. C. e chegou ás nosas vidas a través dos árabes, que o introduciron na Península Ibérica no século XII.

Antes da súa invención, a pedra, a arxila, a cortiza de árbore e o papiro eran os materiais empregados para escribir. Loxicamente, escribíase moito menos e aquilo que se escribía era moito máis importante. Non existían os certificados de matrimonio nin as listas da compra.

Solución

O papel.

Como deberes, pídalle que escriban un texto parecido sobre outro invento. Nunha sesión posterior, pódenos ler na clase para que os compañeiros e compañeiras adiviñen de que se trata.

10. SANTIAGO NO SÉCULO XV

Atopar erros nun debuxo.

PROCEDEMENTOS

A. Faga que os seus estudantes formen parellas e pídalle que se fixen no debuxo. Se quere, pode presentar a activi-

Antes e agora

dade como unha competición: gaña a parella que consiga atopar antes os sete elementos que non se corresponden coa época na que está ambientada a ilustración.

Solución

Os reloxos, os reprodutores de música, as revistas, as gorras, as bicicletas, os teléfonos móbiles e o tabaco.

11. VIAXE AO PASADO

Decidir que época da historia é a máis interesante.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

É importante que preste especial atención ao proceso de negociación do punto A. No libro do alumno atopará unha serie de ideas para facilitalo; porén, sinala que poden tratar calquera outro tema que consideren relevante.

ANTES DE EMPEZAR

Empece facendo referencia ao título da actividade e déalles un breve modelo do que terán que facer:

- A min gustaríame viaxar á Venecia do século XVIII. Naquela época Venecia era un lugar moi especial, a xente tiña grandes fortunas e vivía en luxosos palacios. A cidade era moi romántica e, ademais, a celebración do carnaval era algo único.

PROCEDEMENTOS

A. Faga que os seus estudantes formen grupos de tres e pídalles que escollan unha época da historia á que lles gustaría viaxar. Móstralles as catro opcións que aparecen no libro (insista en que poden buscar calquera outra) e os temas que poden ter en conta para xustificar a súa elección. Déalles tempo para chegar a unha conclusión e para preparar a presentación que levarán a cabo ante os compañeiros e compañeiras.

B. Pídalle ao portavoz de cada grupo que lle faga a presentación e, ao resto da clase, que tome notas para, ao final, decidir entre todos que época lles parece a máis interesante.



12. HISTORIA DE GALICIA

Aprender algúns aspectos sobre a historia de Galicia.

ANTES DE EMPEZAR

Fotocopie e recorte as viñetas que aparecen na **ficha 16** (son as mesmas que aparecen na sección "Viaxar" do libro do alumno, pero presentadas sen numerar e sen referencias cronolóxicas). Agrupe os estudantes por parellas e entréguelle a cada unha delas un xogo completo de viñetas. Dígalles que se trata dun resumo da historia de Galicia e que teñen que ordenar os debuxos cronoloxicamente. Déalles uns minutos e pídalles logo que abran o libro pola páxina 96 para comprobar se o fixeron ben.

PROCEDEMENTOS

Pídalles aos seus estudantes que, individualmente, escriban o texto que acompañaría o último cadro, correspondente á Galicia actual. Se lle parece oportuno, faga a posta en común como se fose un concurso: entre todos escollerán o mellor texto.

E DESPOIS

Se traballa con estudantes de diferentes nacionalidades, pode repartir catro tarxetas en branco a cada un para que "ilustren" brevemente catro momentos clave da historia dos seus países. Se lle parece máis axeitado, pode pedirllas que fagan este traballo na casa.